

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15008301	IES Urbano Lugrís	Malpica de Bergantiños	2022/2023

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obligatoria	Proxecto competencial	1º ESO	1	35

Contido**Páxina**

1. Introdución	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	3
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	6
4.2. Materiais e recursos didácticos	7
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	7
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	7
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	8
6. Medidas de atención á diversidade	8
7.1. Concreción dos elementos transversais	8
7.2. Actividades complementarias	9
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	9
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	10
9. Outros apartados	10

1. Introdución

A presente programación didáctica, elaborada para a materia de Proxecto Competencial do 1º curso da ESO, ten como referencia o currículo que establece o Decreto 156/2022 do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obligatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para a elaboración das unidades didácticas que desenvolverá a programación, tívose como referencia o currículo, que ten como obxectivo o desenvolvemento das competencias transversais mediante a realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que se configurará neste curso como un proxecto interdisciplinar en colaboración con distintos axentes sociais.

Outro aspecto que foi tido en conta á hora de deseñar a presente programación foi o centro no que se ía implementar: as características do mesmo, as do seu alumnado e o seu entorno.

Esta programación didáctica está pensada para ser levada á práctica no IES Urbano Lugrís, situado nunha zona rural costeira na comarca de Bergantiños, en plena Costa da Morte, nunha parroquia nas aforas da vila. O alumnado procede das diferentes parroquias do concello e, en xeral, procede de familias de clase media ou media-baixa.

A lingua predominante e vehicular da maioría do alumnado é o galego; hai un pequeno grupo de 1º ESO que estuda o francés como primeira lingua estranxeira pero a grana maioría estuda o inglés como primeira lingua estranxeira.

O grupo seleccionado de 1º ESO, está composto por 9 alumnos e alumnas con idades comprendidas ao inicio do curso entre os 11 e os 12 anos. Non hai repetidores.

Todos estes aspectos serán tidos en conta a nivel metodolóxico.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Deseñar un plan de traballo para a realización dun proxecto ou a resolución dun problema a través da definición de obxectivos e das accións para acadalos, tendo en conta as necesidades da contorna.	1			1	1-5	3	1-2-3	
OBX2 - Desenvolver o proxecto segundo a planificación prevista mobilizando conjuntamente as competencias transversais que se requirán.	1-3		5	3	1-3	2	3	
OBX3 - Presentar os resultados asociados ao proxecto competencial empregando dun xeito respectuoso estratexias e ferramentas de comunicación adecuadas cunha linguaxe verbal e corporal positiva, control das emocións negativas e, de ser o caso, co uso de recursos informáticos e audiovisuais.	1-5	3	3	2-3	1-3			3-4

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que son os correspondentes xuvenís 3.0?	Esta será unha unidade de iniciación ao proxecto, na que o alumnado descubre que son os "correspondentes xuvenís", en que consiste o seu labor, o manexo e uso	10	10	X		

UD	Título	Descripción	% Peso materia	Nº sesiones	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Que son os correspondentes xuvenís 3.0?	responsable das ferramentas das que se poden valer para levalo a cabo : redes sociais, blog, correo electrónico, cartelería e taboleiro de anuncios, podcasts... .	10	10	X		
2	Correspondentes xuvenís en acción	Nesta segunda parte, ou unidade, que se extende praticamente ao longo de todo o curso, o alumnado desenvolverá un traballo de colaboración co Servizo de Información Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude, prestando un servizo á comunidade mediante a selección e difusión, entre o resto do alumnado, da información, que consideren de interese para o alumnado do centro, que semanalmente reciban do mencionada institución pública. Para isto, crearán os medios de difusión, materiales e cartelería necesarios. Ademáis, participarán nas accións formativas que o Servizo de Información Xuvenil nos ofrece.	70	22	X	X	
3	A miña experiencia como correspondente 3.0	A final de curso, ao rematar o proxecto, o alumnado presentará un producto final en formato libre (exposición, vídeo, presentación, curtametraxe, cartel, etc.) no que cada un fará unha reflexión e avaliación da súa experiencia e aprendizaxe como correspondente xuvenil 3.0.	20	3			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Que son os correspondentes xuvenís 3.0?	10

Criterios de evaluación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a importancia da temática do proxecto que se pretende abordar.	Identificar as funcións dos correspondentes xuvenís e comprender a importancia do seu labor para a comunidade.	TI	100
CA1.2 - Identificar e determinar os recursos e materiais necesarios para a realización do proxecto.	Seleccionar recursos e materiais para a difusión da información.		
CA1.3 - Identificar, seleccionar e analizar a información que se precisa.	Identificar, seleccionar e analizar a información necesaria para a realización do proxecto.		
CA1.4 - Realizar a secuencia e a temporalización das actuacións necesarias para a execución do proxecto.	Temporalizar as fases do proxecto.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Prever as incidencias que se poidan producir no desenvolvemento das actuacións do proxecto e proponer posibles solucións a estas.	Solventar incidencias que poidan xurdir.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Procura e selección de información relacionada cos proxectos. - Planificación: secuenciación e temporalización. 	

UD	Título da UD	Duración
2	Correspondentes xuvenís en acción	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Executar as actuacións asociadas coa secuencia e a temporalización prevista.	Executar as actuacións planificadas.	TI	100
CA2.2 - Aplicar os coñecementos axeitados e mobilizar as competencias nos niveis de calidade requeridos.	Aplicar os coñecementos axeitados.		
CA2.3 - Empregar, de ser o caso, os recursos e materiais previstos para a execución das actuacións.	Empregar recursos e materiais necesarios.		
CA2.4 - Resolver, dentro do seu nivel de autonomía, ou comunicar as incidencias xurdidas durante a execución das actuacións.	Resolver as incidencias xurdidas.		
CA2.5 - Valorar os resultados logrados ao termo da execución do proxecto.	Valorar os resultados logrados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos	
<ul style="list-style-type: none"> - Execución de proxectos: dinámicas e roles. 	

UD	Título da UD	Duración
3	A miña experiencia como correspondente 3.0	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Presentar o proxecto realizado e, de ser o caso, os produtos finais obtidos.	Presentar a reflexión e valoración da súa experiencia como correspondente xuvenil 3.0.	TI	100
CA3.2 - Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade, para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe verbal con corrección e claridade		
CA3.3 - Empregar unha linguaxe corporal e a presenza escénica como códigos comunicativos para enxalar a expresividade e eficacia do discurso.	Empregar unha linguaxe corporal e presenza escénica axeitadas.		
CA3.4 - Potenciar as emocións positivas na exposición e controlar, de ser o caso, a conduta asociada ás emocións negativas.	Potenciar as emocións positivas na exposición.		
CA3.5 - Empregar recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos como apoio na presentación do proxecto.	Empregar recursos dixitais na presentación sobre a súa experiencia como participante no proxecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Presentación de proxectos: a expresión verbal e corporal; control das emocións e da conduta. - Uso de recursos dixitais, audiovisuais ou plásticos de apoio á comunicación para a presentación do proxecto.

4.1. Concreciones metodolóxicas

Ao longo de todo o curso levarase a cabo o seguinte proxecto: "Correspondentes xuvenís 3.0", do Plan Proxecta +. As actividades realizadas ao longo do curso están dirixidas a reforzar os aspectos más transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinariedade e a conexión entre os distintos tipos de coñecemento.

O proxecto será realizado en grupo de traballo cooperativo; cada alumna ou alumno adopta un rol concreto asumindo tarefas individuais e grupais que integrarán o resultado final do proxecto.

Na PRIMEIRA AVALIACIÓN, realizarase un estudo sobre os "correspondentes xuvenís", o labor que desenvolven e a súa importancia como difusores de información de interese para os xóvenes, o manexo e uso responsable das distintas ferramentas útiles na difusión da información, como as redes sociais, o uso de blogs, correo electrónico, cartelería e taboleiro de anuncios, podcasts, etc.

O alumnado planificará o reparto de tarefas e decidirá de que medio(s) de difusión de información se ocuparán, de xeito individual, en parella ou en pequeno grupo.

Familiarizaranse despois co manexo e uso responsable dos distintos medios que vaian utilizar e, no mes de novembro, en canto o Servizo de Información Xuvenil, da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, da Consellería de Política Social e Xuventude lles empece a enviar os boletíns informativos semanais, comezarán a desenvolver o seu traballo de colaboración como correspondentes xuvenís 3.0, seleccionando e difundindo a información que consideren de interese para o alumnado do centro. Para isto, crearán os medios de difusión, materiales e cartelería necesarios.

Na SEGUNDA AVALIACIÓN e TERCEIRA AVALIACIÓN, o alumnado continuará coa súa prestación do mencionado servizo á comunidade, ademáis, participará nas accións formativas e encontros que o Servizo de Información Xuvenil lles offreza.

Na TERCEIRA AVALIACIÓN, unha vez rematado o proxecto, o alumnado presentará unha reflexión, en formato libre (exposición, vídeo, presentación, curtametraxe, cartel, etc.) na que autoavaliará a súa experiencia e aprendizaxe como correspondente xuvenil 3.0.

Neste proxecto, trabállanse as competencias clave contribuindo interdisciplinarmente as seguintes áreas:

- Lingua Galega (expresión oral e escrita, comprensión da información, redacción de textos...)
- Tecnoloxía e Dixitalización (buscas de información en rede, uso do correo electrónico, publicación nun blog, presentación dixital do proxecto)

- Educación Plástica e Visual (deseño de distintos formatos de presentación do proxecto)
- e calquera outra área que poida relacionarse coa información que semanalmente vaian recibindo do Servizo de Información Xuvenil da Consellería.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Ordenador (Proxecto E-Dixgal)
Taboleiro de anuncios
Blog, redes sociais...
Material de papelería (folios e/ou cartulinas para crear carteis, rotuladores...), fotocopiadora para imprimir,,,
Radio escolar

As clases desenvolveranse nunha aula equipada con encerado dixital e outro tradicional, pupitres individuais e, ademais dun blog, redes sociais, radio escolar e un taboleiro específico, disporase tamén dunha pantalla no vestíbulo do instituto na que proxectar a información.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao inicio de curso, nas primeiras sesións farase observación directa do alumnado a través da realización de actividades prácticas e conversas para coñecer o seu nivel de desempeño nas competencias clave. O seu obxectivo é facilitar información sobre distintos aspectos do alumnado, tales como posibles dificultades de aprendizaxe ou capacidades por riba da media do grupo. Dita información servirá para programar as adaptacións precisas, así como actividades de reforzo e ampliación no caso de ser necesarias. Os resultados de dita observación daranse a coñecer durante unha reunión establecida polo centro ao inicio do curso e na que se atopará a totalidade da xunta avaliadora. En función dos resultados obtidos, e sempre coa intervención do Departamento de Orientación levaranse a cabo as medidas de atención pertinentes.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	70	20	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Entre os procedementos de avaliación:

- PRIMEIRA AVALIACIÓN: Publicacións da información manexada, nos distintos medios de difusión utilizados.
- SEGUNDA AVALIACIÓN: Publicacións da información manexada, nos distintos medios de difusión utilizados.
- TERCEIRA AVALIACIÓN: Presentación e valoración da súa participación e aprendizaxe no proxecto.

Como instrumentos de avaliação, empregaranse listas de cotexo e rúbricas asociadas aos anteriores procedementos. Nestas rúbricas avaliaranse aspectos de traballo cooperativo, desempeño de rol concreto, realización de tarefas individuais....

A nota ordinaria en xuño virá dada pola media aritmética das notas das evaluacións parciais.

Criterios de recuperación:

No caso de que un alumno/a suspenda algúns das evaluacións por non realizar as tarefas asignadas ou non cooperar adecuadamente no grupo de traballo dificultando o desenvolvemento do proxecto, terá que realizar unha presentación dixital recompilando a información máis relevante proporcionada polo Servizo de Información Xuvenil nese período. A nota de dita presentación representará a nota da evaluación parcial correspondente.

En calquer caso, na última evaluación deberá realizar, ademais, unha reflexión sobre as funcións dos correspondentes xuvenís e sobre a súa experiencia como correspondente xuvenil no proxecto.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliação das materias pendentes

Non aplica.

6. Medidas de atención á diversidade

Para os alumnos/as con Necesidades Específicas de Apoyo Educativo serán deseñadas de xeito específico de modo que se facilite o desempeño do seu rol no proxecto. Do mesmo modo, prestaráselle unha maior atención na aula e nas actividades fóra da aula, estando pendentes en todo momento do seu desempeño así como da consecución das súas tarefas individuais. Todo isto sen prexuízo de que a medida que avance o curso poida detectarse a necesidade deste tipo de actividades individualizadas noutros alumnos/as establecéndose, de ser o caso, os necesarios reforzos educativos.

Por outra banda, tamén están previstas actividades de ampliación para aquel alumnado que presente un maior ritmo de aprendizaxe. Tratarase de actividades motivadoras, que en todo caso vaian más aló dos xa afianzados mínimos da materia e que supoñan un maior desafío na busca e difusión de información, así como a interrelación dos diferentes contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión da lectura	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X

Observacións:

No deseño de actividades á hora de traballar en grupo:

- Fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
- Promoverase a aprendizaxe da prevención e da resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- Evitaranse os comportamentos, os estereotipos e os contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descripción
Encontros organizados pola Consellería de Política Social e Xuventude	Participación nos encontros de correspondentes xuvenís organizados pola Consellería de Política Social e Xuventude a nivel autonómico

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación do nivel de dificultade ás necesidades do alumnado
Participación activa de todo o alumnado
Adecuación á temporalización das unidades didácticas
Apoio e implicación por parte das familias no traballo do alumnado
Toma de medidas de atención á diversidade para atender ao alumnado con NEAE no deseño das actividades
Utilización de distintas estratexias metodolóxicas en función das unidades didácticas
Utilización dos distintos instrumentos de avaliação
Eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación.

Descripción:

Estes indicadores de logro pretenden avaliar aspectos como a adecuación da proposta educativa ás características do grupo, a idoneidade das metodoloxías empregadas en cada momento, o grao de participación de alumnado e familias no proceso de ensino, ou a adecuada resposta ás necesidades específicas do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A principal referencia da que se disporá para este procedemento de seguimento e autoavalíaión será a temporalización definida ao inicio do curso, debéndose analizar de xeito periódico se o programado se corresponde coas necesidades do alumnado, de modo que o desenvolvemento das unidades didácticas siga o calendario previsto. O documento elaborado para levar dito seguimento constituirase como un caderno de traballo na aula. Neste caderno do profesor, reflectirase o desenvolvemento efectivo das sesións, facendo fincapé no aproveitamento destas e dos recursos dispoñibles.

9. Outros apartados